Hai que sinalar, que os temas transversais impregnan gran parte dos contidos das áreas. Son prescritivos e non aparecen no currículo como disciplinas separadas senón impregnado todo o labor educativo na que todo o profesorado de todos os niveis e etapas educativos está involucrado.

Ditos temas poden definirse como contidos basicamente actitudinais, que exercen influencia no comportamento conductual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal dos alumnos, como para o desenvolvemento dunha sociedade democrática, respectuosa co medio e tolerante.

Baseándonos na lei educativa actual e na concreción no Decreto de Currículo de Ed. Primaria traballaremos os elementos transversais presentados a continuación:

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------------|--|----------|----------|----------|
| Careira Popular do San Martiño | Saída para prticiar na carreira popular máis multitudinaria de Galicia | X | | |
| Móvete15 | Todos os días. Para mellorar a concentración, previr obesidade e concienciar de hábitos de vida saudable. Entre a segunda e a terceira sesión o alumnado saerá ao patio a camiñar, correr ou bailar durante 15 minutos con música. Non é un recreo, cando remate voltan ás aulas e seguen coa 3ª sesión. | X | X | X |
| Día da Paz | Realizarase unha xornada de xogos cooperativos. | | X | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Obradoiro Xogos Tradicionais | Xornada de presentación e goce de diversos xogos tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,... | | | X |
| Participación no Programa SI. Educación Integral | consiste en una intervención en centros educativos para promocionar la salud cardiovascular desde la etapa preescolar. Su objetivo es demostrar que la adquisición de hábitos saludables desde la infancia reduce los riesgos de la enfermedad cardiovascular y mejora la calidad de vida en la edad adulta | X | X | X |
| Festival do Libro | Festival que inclúe a todo o Centro educativo realizando diferentes Actividades | | | X |

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,... |
| Metodoloxía empregada |
| Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.). |
| Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais. |

| |
|--|
| Clima de traballo na aula |
| Alumnado: conseguiuase motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,... |
| Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,... |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Interdisciplinariade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio). |
| Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...) |

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula. Continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e, se é necesario, modificala en función dos feedback recibidos e dos resultados obtidos.

Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno/a, avaliación do docente e avaliación do ensino - aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------------------------------|----------|---------------|
| 32008616 | CPR Plurilingüe Padre Feijoo Zorelle | Ourense | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Educación plástica e visual | 6º Pri. | 1 | 35 |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 17 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 18 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 19 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 19 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 20 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 20 |
| 7.2. Actividades complementarias | 21 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 22 |
| 9. Outros apartados | 23 |

1. Introducción

Para a elaboración desta Programación Didáctica, teranse en conta as dúas leis educativas con vixencia no momento actual. Por unha banda, a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación no relativo a avaliación da etapa e a promoción e titulación do alumnado. Por outra, a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, que modificou o artigo 6 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para definir o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha dos ensinos.

O currículo de Educación Primaria regúlase polo Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de EP, e a súa concreción para Galicia a través do Decreto 105/2014, de 4 de setembro que foi publicado no DOG Núm., 171 do martes 9 de setembro do 2014.

Na resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, da Comunidade Autónoma de Galicia, na cal se ditan as instrucións para desenvolver as ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e bacharelato no curso académico 2023-2024, desenvólvese o modo de implantación das modificacións recollidas nas vixentes leis educativas (LOMCE e LOMLOE) no Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria. na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste curso, para o desenvolvemento da presente Programación Didáctica, teranse en conta as instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Consellería de Sanidade ao respecto da recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2023-2024.

Os nosos alumnos deben adaptarse aos novos horarios, ao colexio, ás rutinas e aos compañeiros e por iso programamos actividades específicas para que esta incorporación realícese de modo fluído. Para iso contamos coa colaboración das familias, a través de entrevistas, neste período de adaptación e recollemos información dos pais e dos informes que nos traspasou a profesora titora do curso anterior. Só así poderemos desenvolver a nosa programación para o presente curso escolar 2023-2024.

A necesidade de programar é evidente, xa que facilita a organización da clase, evita a improvisación e a rutina, permite un control continuo introducindo as melloras oportunas, tendo en conta a realidade do alumno e do medio e conseguir un ensino máis estruturado, organizado, coherente e, por tanto, de maior calidade.

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e en moitas ocasións, de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Establécense tres bloques de contidos, aínda que deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto con respecto ao curso como ao longo da etapa.

Educación Plástica

Bloque 1. Educación audiovisual. Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.

Bloque 2. Expresión artística. Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.

Bloque 3. Debuxo xeométrico. Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de Matemáticas, no epígrafe de Xeometría, polo que a competencia matemática e científico tecnolóxica estará moi presente.

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Cada Unidade Didáctica estará divida en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Observación de obras representativas de arte. Obras elixidas e seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado.
- Creatividade e composición: Elaboración de obras propias empregando diferentes materiais.
- Sección de volume: Realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).
- Nova visión plástica: Animacións, imaxes, emprego de ordenador...
- Sección lúdica: Xogos e actividades para practicar o aprendido e para fomentar a participación e a desinhibición.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3 | 3 | 2 | 1 | | 3 | | 1-2 |
| OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | 1 | | 2 | 5 | 2 | 1 | 3-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-----|------|
| OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Usamos cores | Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia. | 18 | 7 | X | | |
| 2 | Rachamos a realidade | Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas liñas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado. | 18 | 6 | | X | |
| 3 | Debuxamos con liñas | A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicarlos nos deseños e composicións. As Letras Galegas serán de especial relevancia. | 24 | 5 | | | X |
| 4 | Georgia O'Keeffe | Esta UD inicia o alumnado na vida e obra de Georgia O'Keeffe. O traballo en grupo e grande grupo será predominante, procurando unha participación activa. | 40 | 17 | X | X | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1 | Usamos cores | 7 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Identifica e emprega os recursos e materiais utilizados para elaborar unha obra. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor. | TI | 100 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Analiza e emprega as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicados sobre diferentes soportes. | | |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Valora os elementos e os recursos empregados para acadar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás. | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Fai composicións que transmiten emocións básicas (alegría, tristura, ira...) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores...). | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Distingue o tema ou xénero de obras plásticas. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Coñece a evolución da fotografía dende o branco/negro á cor, formato papel ao dixital e valora as posibilidades que ofrece a tecnoloxía. | | |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Organiza e planifica o seu proceso creativo desenvolvéndoo en esbozos e elixindo os que mellor se axeiten aos seus propósitos na obra final. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Coñece os protocolos de actuación para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias. | Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos e analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes, textos, vocabulario e localización, seguindo o patrón do cómic. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Participa nas actividades propostas con interese e colaboración. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. |

Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais.
- Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos.
- Producións audiovisuais: planificación das fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos diferentes xéneros e formatos.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 2 | Rachamos a realidade | 6 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes. | TI | 100 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Analiza de maneira sinxela, e utilizando a terminoloxía axeitada, imaxes fixas e en movemento atendendo ao tamaño e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función). | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma axeitada, coidando o material e o espazo de uso. | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse con conceptos fundamentais da creación audiovisual (guión, realización, montaxe e son). | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Participa na realización dun video grupal sobre un musical, unha zarzuela ou unha ópera. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico. Elabora documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas). | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Recoñece o cine de animación como un xénero cinematográfico e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Emprega materiais e recursos plásticos nas imaxes e composicións plásticas. | | |
| CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Aprecia diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. Distingue e explica as características da cor en canto á súa luminosidade, tono e saturación, aplicandoas nas súas producións. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias. | Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, contraste...). | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Produce obras plásticas co ordenador, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para lograr unha finalidade determinada. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Coñece e valora algunha das profesións do ámbito artístico e audiovisual e interésase polas características do seu traballo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Profesións vinculadas cos ámbitos artístico plástico e visual. Coñecemento e valoración. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais. - Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais. - Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos. - Producións multimodais: realización con diversas ferramentas. - Características da linguaxe audiovisual multimodal. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | Debuxamos con liñas | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo. | TI | 100 |
| CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Experimenta coa superposición de planos para crear volumes. Recoñece, clasifica e constrúe polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes. | | |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Coñece e comprende o termo da escala e é capaz de aplicalo. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo e valora a precisión dos resultados. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón...). | | |
| CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. | Participa nunha creación grupal baseada na utilización da liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade. | | |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Presenta os traballos con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. | | |
| CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas. | Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón. | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor. | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Utiliza con respecto as TIC para coñecer expresións artísticas e culturais. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias. | Utiliza as TIC como fonte de información e documentación para a creación de composicións propias do debuxo técnico. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | Participa nunha creación grupal baseada no deseño de obxectos tridimensionais. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos traballos e das actividades. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. |

Contidos

- Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais.
- Experimentación co debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía específica da área.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais.
- Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de animación. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 4 | Georgia O'Keeffe | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|-----|
| CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico destas. | Coñece, lembra e describe, de forma oral e escrita e empregando un vocabulario axeitado, os datos máis relevantes da vida e obra de Georgia O'Keeffe. | TI | 100 |
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Coñece e identifica as características fundamentais dos estilos Modernismo, Abstracto e Art Decó. | | |
| CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións. | Valora a obra e os procesos creativos da autora. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades. | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Observa, analiza e reproduce plasticamente as obras fundamentais da autora. Reproduce trazos e temas (flores, paisaxes e ósos) baseándose na obra da artista. | | |
| CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participa positivamente na realización de fotografías realizadas no horto e no xardín do centro para despois plasmar as fotografías en debuxos. | | |
| CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Expresa e comunica, con autonomía e iniciativa, emocións e vivencias a través das súas propias creacións. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Mantén limpos e coidados os materiais de pintura e modelado (ceras, pinceis, mesas...). | | |
| CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas. | Experimenta de forma oral e escrita as propias ideas e emocións suxeridas pola observación da obra artística. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa. | Experimenta coas gamas cromáticas e con diferentes materiais (carbón vexetal, lapis, acuarela...). | | |
| CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios. | Identifica, clasifica e localiza co ordenador os lugares máis importantes na vida da pintora (Novo México, Texas e Nova Iorque). | | |
| CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifesta respecto na visita virtual ao Museo Thyssen para a observación e estudo das obras máis importantes. | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución. | Crea obras no ordenador con patróns baseados na Natureza imitando as obras de Georgia O'Keeffe. | | |
| CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Debuxa, completa e coloreia co ordenador e a pantalla dixital paisaxes e obras da artista. | | |
| CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Participa positivamente na realización dunha composición baseada na impresión das fotografías realizadas. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta o papel da autora dentro do mundo artístico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Características da linguaxe cinematográfica e audiovisual: encadramento, movementos, montaxe e son. Visionamento de propostas icónicas, cinematográficas e audiovisuais.
- Nocións elementais sobre estilos, xéneros e formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe, audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos básicos.

Contidos

- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Características da linguaxe audiovisual multimodal.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos e respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas.
- ligazóns de interese relacionadas coa materia.
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Pantalla dixital |
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc. |
| Altosfalantes |
| Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras |
| Pinceis e témperas |
| Regra, escuadro, cartabón, semicírculo e compás |
| Cámara fotográfica |
| Imaxes das obras de Georgia O'Keeffe |
| Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual |
| Estoxo |
| Deseños incompletos da obra de O'Keeffe |
| Libro de texto Arts~Crafts 6 (Santillana) |
| Regra, escuadro e cartabón |

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha pequena zona situada no corredor que serve de almacén de material para todo o edificio e do que se fai inventario de xeito regular.

A sección desta materia na páxina web do centro servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Realizarase unha proba durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 18 | 18 | 24 | 40 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 60% + UD4 40%

-2º trim.: UD2 60% + UD4 40%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita UD.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final. Téñase en conta que, por un lado, na UD3 recóllense todos os CA das UD1 e UD2 e, por outro lado, a UD4 trabállase en todos os trimestres.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---------------------------------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | | X | | |
| ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para a saúde | X | X | X | X |

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|---|---|
| Decorar os corredores trimestralmente | Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas. |
| Exposicións dos traballos realizados en cada UD | Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns... |
| Exposición con invitación ás familias | No 3º trimestre exposición guiada das obras de O'Keeffe no patio do centro polo alumnado con invitación ás familias |
| Colaboración no Xornal do Centro | No 3º trimestre colábrase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no xornal. |

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente. |
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado. |
| Aportouse información ao persoal docente titor. |
| Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |

| |
|--|
| Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida. |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD. |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas. |
| Máis do 80% do alumnado superou a materia. |
| Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado. |
| Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado. |

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, fíxose un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírse, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluírse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eivadas recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.

-Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------------------------------|----------|---------------|
| 32008616 | CPR Plurilingüe Padre Feijoo Zorelle | Ourense | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua Estranxeira - Inglés | 6º Pri. | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 8 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 31 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 32 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 35 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 35 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 36 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 36 |
| 7.2. Actividades complementarias | 37 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 38 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 39 |
| 9. Outros apartados | 39 |

1. Introducción

A presente programación didáctica corresponde ao sexto curso de educación primaria para o ensino da lingua inglesa. Elaborouse a partir da reflexión teórica sobre as directrices legislativas baseándose na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE) e o Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e os ensinamentos mínimos da Educación Primaria, a transformación do sistema educativo, a globalización e o impacto das novas tecnoloxías.

Con este fin, o documento recolle os elementos do currículo establecidos pola Administración para o segundo curso de lingua estranxeira na educación primaria, a proposta curricular para o método GO FAR! en canto ao tratamento das competencias clave segundo a recomendación do Consello da Unión Europea, do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, o tratamento da atención á diversidade, o proceso de avaliación e a metodoloxía e material didáctico propias do método.

Así mesmo, inclúese unha proposta de programación e secuencia e temporalización dos contidos adaptable ás necesidades e características dos alumnos e que pode ser modificada atendendo aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos ou outras circunstancias que poidan influír no desenvolvemento do ensino.

O grupo-clase ó que está dirixida esta PD está conformado polo conxunto de alumnos/as de 6º E.PRIMARIA do Colexio Padre Feijóo- Zorelle. A presente materia (de curso obrigatorio) é cursada polo conxunto do alumnado, (15 alumnos/as en total) polo que no deseño das actividades propostas teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e propiciárase un clima de traballo cooperativo, e tamén individual, co gallo de desenvolver no alumnado o conxunto de Competencias Clave e manter ó grupo motivado. Durante o presente curso, ademais, terase en conta o informe final individual do anterior curso para a adecuación individual da práctica docente.

O colexio Padre Feijóo-Zorelle está ubicado no centro da cidade de Ourense, polo que o seu contorno próximo será involucrado no proceso de E-A de forma doada e sinxela. O alumnado que conforma a clase presenta idades comprendidas entre os 10 e 11 anos e procedencias de diversos ámbitos socio-económicos, polo que, a docente, traballará tendo presente as características psicolóxico- conductuais do grupo-clase. Algúns destes alumnos/as presentan diferentes dificultades na aprendizaxe derivados da súa tardía incorporación ó sistema educativo e do proceso de familiarización cos procesos metodolóxicos aplicados no noso país, diferentes dos do seu país de orixe, polo que a docente contemplará diversos mecanismos de axuda e adaptación aos ritmos e de aprendizaxe do alumnado.

Tal como se reflicte na introdución do Decreto polo que se establece o currículo de LE para a Educación Primaria, no primeiro nivel pártese dun estadio aínda moi elemental da lingua estranxeira, polo que, será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos: práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística.

Durante toda a etapa da educación primaria será imprescindible basear a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos: práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística, entendida nesta etapa como a actividade orientada a facilitar a comprensión mutua e a procesar e transmitir información básica e sinxela.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|-----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás. | 2-3 | 1-2 | 1 | 1 | 5 | | | 2 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|-------|------|----|-------|-----|-----|------|
| OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás. | 1 | 1-2 | 1 | 2 | 5 | | 1 | 4 |
| OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 5 | 1-2 | 1 | | 3 | 3 | 1-3 | |
| OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación. | 5 | 1-2-3 | 1 | | 1-3 | | | 1 |
| OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | | 2 | 1 | 2 | 1-4-5 | | 3 | |
| OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais. | 5 | 3 | | | 1-3 | 2-3 | | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Ready, Steady, Go! | Escucha e lectura da presentación dos personaxes do curso. Escucha e lectura dunha historia gráfica. Escucha dun cuestionario sobre números. Escucha e lectura de dúas descricións de gustos e afeccións persoais. - Dar información persoal. - Revisar o Present Simple cos adverbios de frecuencia e o Past Simple do verbo -To Be. | 14 | 15 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Ready, Steady, Go! | - Revisar os pronomes relativos. Funcións comunicativas: - Expresión de aparellos tecnolóxicos - Expresión de números - Expresión de animais Estruturas sintáctico-discursivas: - Present Simple with adverbs of frequency: I usually send messages to a friend. How often do you use the internet? - Past Simple of to be: It was morning. Joel and Megan were in the living room. Léxico: - Animals and birds: fox, goldfinch, hedgehog, owl, squirrel - Big Numbers: hundred, million, thousand - Technology: keyboard, laptop, message, mouse, screen, speakers - Internet: blogue, email, en liña, post, vídeo chat, website Convencións ortográficas: - O vocabulario da unidade. | 14 | 15 | X | | |
| 2 | School Days | -Escucha de situacións comunicativas coa linguaxe da unidade. Funcións comunicativas: - Expresión de lugares - Expresión do modo - Expresión da obrigaón - Expresión da posesión Estruturas sintáctico-discursivas: - Have to + infinitive: affirmative, negative, interrogative and short answers. - Saxon genitive for possession. Léxico: - Places in school: classroom, computer room, corridor, dining room, hall, library, music room, playground, staffroom, toilet - School uniforms: checked, jacket, jumper, skirt, shirt, tracksuit, trousers - Adverbs of manner: angrily, beautifully, brilliantly, calmly, happily, lazily, nervously, quickly, quietly - Geography related: continent, equator, ocean, surface Cold weather related: igloo, skating rink, snowstorm - Extra: blind, case, expensive, floor, harness, intelligent, oxygen, popular, population, route, seat, shy, stone, traveller Convencións ortográficas: - O uso do xenitivo sajón. | 14 | 15 | X | | |
| 3 | Food for Friends | -Escucha de situacións comunicativas coa linguaxe da unidade. Funcións comunicativas: | 14 | 15 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Food for Friends | <ul style="list-style-type: none"> - Descrición de comida - Expresión da existencia - Expresión da cantidade - Expresión da opinión - Expresión do gusto Estruturas sintáctico-discursivas: <ul style="list-style-type: none"> - There is / There are: affirmative, negative, interrogative and short answers. Is / Are there? Yes, there is. Non, there aren't. - Countable and uncountable nouns. - Some and any. Léxico: <ul style="list-style-type: none"> - Food: asparagus, avocado, blueberries, broccoli, butter, carrots, cheese, chillies, flour, ham, honey, mushrooms, nuts, olive oil, onions, sardines, salgade, spinach, sugar, tuna - Dishes: omelette, crêpes, lasagna, pancake, brownie, smoothie, shepherd's pé, sushi - Adjectives to describe food: raw, salty, savoury, spicy, sweet - Extreme adjectives: delicious, enormous, fantastic, hilarious, horrible, terrifying Convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> - O uso de adxectivos extremos. | 14 | 15 | X | | |
| 4 | World Records | -Escucha de situacións comunicativas coa linguaxe da unidade. Funcións comunicativas: <ul style="list-style-type: none"> - Expresión de características ambientais naturais e artificiais - Descrición de cousas - Expresión da comparación - Petición de información - Expresión de medidas Estruturas sintáctico-discursivas: <ul style="list-style-type: none"> - Superlative adjectives: the biggest, the most popular - How + adjective/adverb questions: How tall is the building? How fast does the roller coaster go? Léxico: <ul style="list-style-type: none"> - Environmental features: bridge, building, cable car, canyon, geyser, lake, mountain, park, river, road, roller coaster, skyscraper, train, underground railway - Adjectives: big, beautiful, cold, deep, famous, fast, friendly, funny, hard-working, heavy, high, hot, long, old, popular, short, slow, sporty, tall Convencións ortográficas: <ul style="list-style-type: none"> - A correcta ortografía dos adxectivos comparativos e superlativos. | 14 | 15 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5 | The Festival | -Escucha de situacións comunicativas coa linguaxe da unidade. Funcións comunicativas: - Narración de feitos pasados - Descrición de accións - Expresión do tempo - Descrición de sentimentos - Petición e ofrecemento de información Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - A identificación de palabras homófonas Estruturas sintáctico-discursivas: - Irregular Past Simple forms: be/was/were, buy/bought, come/came, drink/drank... - Expressions with do and make: do <i>¿</i> athletics, gardening, my best, my hair... make <i>¿</i> a cake, a birthday card, a model, a plan... - Extra: acrobatics, audience, bracelet, brush, feather, hummingbird, knife, ordinary, prefer, rent, sound, spoon, tool, while Léxico: - Irregular Past Simple forms. - Expressions with do and make. Convencións ortográficas: - A correcta ortografía dos verbos irregulares en pasado simple - O uso de referencias temporais. | 14 | 15 | | X | |
| 6 | Ancient Rome | -Escucha de situacións comunicativas coa linguaxe da unidade. Funcións comunicativas: - Expresión de obxectos romanos - Narración de feitos pasados - Petición e ofrecemento de información - Expresión de indicacións, ordes Estruturas sintáctico-discursivas: - Past Simple irregular verbs - Wh- questions with the Past Simple: Who did you go with? Where did the Roman buy food? - Imperatives for giving directions: cros, go past, go straight on, turn left, turn right Léxico: - Structures and artefacts of ancient Rome: amphitheatre, aqueduct, baths, brooch, chariot, coin, fountain, mosaic, sandals, statue, toga, wall - Past Simple irregular verbs: eat/ate, build/built, read/read, send/sent, write/wrote - Homophones: buy/bye, eye/I, flour/flower, for/four, hi/high, meet/meat, pair/pear, right/write, sexa/see, there/their, | 14 | 15 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6 | Ancient Rome | wear/where Convencións ortográficas: - A correcta ortografía das palabras homófonas. | 14 | 15 | | | X |
| 7 | Adventure Camp | -Escucha de situacións comunicativas coa linguaxe da unidade. Funcións comunicativas: - Expresión de obxectos de acampada - Expresión de actividades - Descrición de accións - Expresión de modismos - Expresión de plans - Expresión de consellos Estruturas sintáctico-discursivas: - Be going to + infinitive - Modal verb should: You should (stay on the paths). You shouldn't (pick flowers). Léxico: - Things to take cámping: compass, map, rucksack, sleeping bag, sun cream, tent, torch, towel, water bottle, waterproof - Outdoor activities: cámping, climbing, hiking, orienteering, paddleboarding, play frisbee, volleyball, zip wiring - Things to do on holiday: do sports, read books, stay in a hotel, visit family - Idioms: a piece of cake, green fingers, over the moon, rain cats and dogs Convencións ortográficas: - A correcta ortografía do vocabulario. - A redacción correcta dos modismos. | 16 | 15 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 1 | Ready, Steady, Go! | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia. | Escrebe palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples. | PE | 40 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes. | Recoñece e interpreta palabras en textos orais e multimodais sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible. | | |
| CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos. | Utiliza de forma moi guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás. | | |
| CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira. | Utiliza de forma guiada recursos verbais e non verbais para expresar frases curtas e sinxelas de forma oral. | | |
| CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento. | Aplica, de forma moi guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais. | | |
| CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores. | Participa, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales como a repetición, ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais. | TI | 60 |
| CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación. | Selecciona e emprega de forma guiada, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse. Selecciona e emprega de forma guiada, estratexias elementais para expresar mensaxes breves e sinxelas. | | |
| CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes. | Interpreta e explica, de forma guiada, información básica de conceptos, comunicacións e textos breves e sinxelos en situacións nas que atender á diversidade. Mostra empatía polos interlocutores. Mostra interese polos problemas de entendemento na súa contorna inmediata. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia. | Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto (participantes e situación), organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar. - Léxico e expresións básicos de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira. - Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 2 | School Days | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
